


ARQUIVUS




IES ARQ UIS CELENIS. MAIO, 2005. N7

# EDITORIAL

Antes de nada queremos dar as grazas a todo alumnado implicado dun xeito ou doutro na confección deste número sete de Ruxe-Ruxe: se non fose por vós, non habería revista da que fardar por aí adiante cunha portada coma a de Mylene Gratica, artista postal.

Chegamos ao final dun novo curso, e marchamos ben alimentad@s de letras, culleróns de letras de moi diferentes sabores e texturas. Só queda recollermos todo, non ensuciarmos a lingua e dámoslles lambetadas ás experiencias deste ano: os talleres de César Reglero e Isabel Jover, a Pig-Dada, a Diego e Pepe de *La más Bella*... Agora, a reciclar o aprendido; a reducir o lixo-cultura que nos ofrecen os medios de comunicación masivos. Recíclate ou morre.

*No future* para o conformismo. Rebélate e saca a lingua, e aliméntate do único que te pode manter aínda con vida: **AS LETRAS DA NOSA LINGUA.**



# ÍNDICE

## **Viaxes**

Excursión a París	PÁX. 2
Viaxe a Sant Lary	PÁX. 5

## **Lingua**

Entrevista ao académico Xesús Ferro Ruibal	PÁX. 7
Manifesto: A nosa lingua, a nosa identidade	PÁX. 12

## **Literatura**

"Galicia, terra do mar"	PÁX. 15
"O día amenceu claro"	PÁX. 16
Premios literarios Aquis Celenis	PÁX. 18
"Canción desesperada"	PÁX. 25
"Opinión"	PÁX. 26

## **Arte**

Deseño gráfico	PÁX. 28
Proxecto Alfabetos	PÁX. 29
Entrevista a César Reglero e Isabel Jover	PÁX. 31
Entrevista a Pepe Murciego e Diego Ortiz	PÁX. 36
Entrevista a Simon Badhuin Pig Dada	PÁX. 40
Graffiti	PÁX. 46
Poemas visuais	PÁX. 49

## Excursión a París

Aínda que para moitos/as é a “Cidade da Luz e do Amor”, en realidade é moito máis...

Dende o pasado día 14 de marzo ata o día 18, París recibiu a visita dalgúns dos alumnos/as deste instituto. Foi unha experiencia que dificilmente esqueceremos, non por todo o encanto que ten, senón tamén polas malas experiencias, que foron algunhas...


O primeiro día pasámolo en Futuroscope e alí, á parte de nos divertirmos vendo “pelis” e montando nos simuladores, tamén tivemos algunha mala experiencia: cando fomos xantar, vaia sorpresa levamos! As hamburguesas simples levaban cogombro (pepinillo), algo que en Galiza nunca probamos, por iso foi motivo de risa durante boa parte da viaxe.

O segundo día, xa en París, un dos nosos compañeiros, dende agora o “Sinpá” por quedar sen papeis, perdeu a súa carteira mentres faciamos unha visita nocturna por París; tivemos que face-lo percorrido dúas veces para busca-la carteira e ó final non apareceu! A que se formou!

Visitamos Notre-Dame, o Barrio Latino, as illas de La Cité e de San Luis, Montmartre...  
Montmartre! Lémbreste, Pedro? Cobráronche 5.50 euros por unha pulseira de fios! Ben, tampouco imos ser malas. Houbo máis xente á que timaron pero non imos dicir nomes...



Despois dun duro día de turismo, debido a que a noite fora movidiña, chegou a revolución no hotel. Na entrada estaba o recepcionista que nos viña da-las “boas noites” cada pouco tempo. Pobre home! Que farto debía estar de nós! A verdade é que o percorrido máis repetido de toda a excursión foi a visita de tódolos



corredores polas habitacións do hotel, incluso as duns cataláns (de aquí saíu a famosa frase “la planta del pie” con acento catalán). Isto foi o mellor de todo porque era como xogar ás agachadas co recepcionista. Que ben o pasabamos! Pero o peor viña ó día seguinte cando se había que erguer, xa que nos levantabamos esmerdeados.

Foi impresionante a ascensión á Torre Eiffel; dende alí víase como alumeaba toda a cidade, e tamén o paseo nocturno no Bateau-Mouche.

Din que París é unha das cidades máis adelantadas en moda e outras cousas pero nós comprobamos pola nosa conta que isto non é certo.

Unha das cousas que máis nos chamou a atención foi que había que pagar por ir ó baño e despois había que ve-las condicións nas que se atopaba. Así como os baños, as instalacións do hotel tampouco eran as mellores. As fiestras das habita-

cións, ó abrilas, petaban co televisor e as portas, coas camas, que estaban colocadas na entrada. Vaia desastre!

Ademais a xente non é precisamente do máis agradable. Sempre nos estaban a chamar a atención, ata non nos podiamos sentar no chan! E falando de moda, esperemos que a roupa do futuro non sexa coma a que alí vimos, que máis ben parecía a dos nosos antepasados.

En fin, que chegou o fatídico día de voltarmos á casa e termos que atoparnos cos nosos pais e irmáns, e volvermos á realidade do instituto. O regreso foi en avión e era, para case todos, a primeira vez, polo que nos fixo bastante ilusión, inda que a algúns, ós máis maioríños, é dicir, ó profesorado, non lle chegaba o momento da aterraxe. Intentaron facer de todo (cantar, contar chistes...) para entreternos, pensaban que nos enganaban pero o que querían era pasar o tempo eles para decatarse do menos posible da viaxe porque estaban “mortos de medo”. Vaia titores levabamos!

Pois isto foi o máis salientable da nosa viaxe a París. Volveríamola repetir en calquera momento.

**María Iglesias Estévez 1ºB**  
**Elisabet Reboredo Herselle 1ºE**

**María Dolores Gándara Doeste 1ºB**  
**María Magariños Casal 1ºE**



## EXCURSIÓN A SANT LARY 2005

Eu, despois da sensación que o ano pasado me produciu esquiar, prometín que este ano volvería ir se puidese. E, como puiden, fun. Isto é un breve comentario da excursión.

A viaxe de camiño a Sant Lary foi moi interesante e animada porque con nós, no mesmo autobús, ían outros mozos e mozas de Cangas, cos/as que non só compartiríamos autobús senón actividades e ata habitacións.

O camiño non se fixo moi longo a pesar de que só paramos o preciso: tres veces en doce horas!, pero pasaron voando, eh! A primeira foi nunha estación de autoservizo na que almorzamos, despois detivémonos para comer e, por último e xa en Francia, paramos a descansar nunha pista de karts (dos que non puidemos disfrutar).

Chegamos á vila sobre as nove e media; era a típica vila dunha postal que nos regalan dunha paisaxe nevada: nun val entre montañas onde hai casiñas, hoteis... e arredor de todo, montañas brancas, brancas!

Comparada coa vila do ano pasado, esta superouna tanto en atención coma en instalacións, que, sen ningunha dúbida, eran de mellor calidade. A xente de Sant Lary, as poucas persoas que nos entendían e falaban ou

“chapurreamos” un pouco castelán eran agradables e atentas, pois tratábonos coma “reis”.



Como en case tódalas as excursións, a comida era pésima, aínda que isto non me sorprende; pero as habitacións estaban ben a pesar de que todo andaba mal estruturado porque un cuarto daba á cociña, para abrir unha porta había que cerrar dúas porque chocaban...

O hotel quedaba moi preto do teleférico e xa iamos camiñando até el. Unha vez arriba, todo consistía en ir á tenda, prepararse e directos/as para as pistas de esquí (o que era moi cómodo pois non andabamos cargados coas botas nin cos esquis...)

Todos os días esquiabamos; pola mañá, clases de esquí; e pola tarde, esquí libre até que cerraban as pistas.

Logo, os dous últimos días, para quen o desexase, podía ir ó balneario unha tarde e á pista de patinaxe sobre xeo, outra. Así e todo, algunha xente preferiu seguir esquiando.

Os primeiros días foron os de máis risas porque todos caíamos e ninguén sabía esquiar; ademais non doía nada e era dificilísimo volver levantarse, outra a buscalo, o outro abaixo... así que... a por el; e, por riba, os bastóns quedaban cravados, polo que había que volver atrás a recollelos.



O mellor despois das caídas foron as noites, e iso que non saíamos do hotel! Mais... si da habitación, un día nunha, outro noutra pero nunca na que debíamos, na propia.

A viaxe de volta á casa foi... todo durmir, polo que se fixo moito máis curta; pero chegou o peor momento: a despedida d@s de Cangas; houbo algún e algunha que ata chorou!

A verdade é que eran bos tip@s inda que un pouquiño espelid@s; mais hai que recoñecer que pasamos moitos momentos bos e divertidos xunt@s.

Si saquei algo en claro: para o ano o mellor é repetir, ¡esquiar é o mellor!

Unha alumna e un alumno de 1º B



## ENTREVISTA AO ACADÉMICO XESÚS FERRO RUIBAL

Xesús Ferro Ruibal (Rebón, Moraña 1944) é profesor e investigador cunha ampla obra literaria: no eido da filoloxía clásica *De varia Christianorum habitudine erga cultum et rem classicam* (1982), *Dido e Eneas. Xénese nacemento e vida de dous personaxes polémicos da Eneida* (1983); no eido da fraseoloxía galega escribiu *Refraneiro Galego Básico* (1987), *Refráns da xustiza* (1995) e *Refraneiro galego máis frecuente* (2002); no campo da onomástica: *Diccionario de nomes galegos* (1992) e *O teu nome* (1994), ademais foi cotradutor de *O Novo Testamento* (1978) e *A Biblia* (1989), director do *Diccionario de Fraseoloxía Galega*, colaborador da prensa escrita, da Radio Galega e da promoción do galego na empresa coa Fundación dos Premios da Crítica e coa Fundación Galicia-Empresa, polo que recibiu numerosos e merecidos premios entre os que cabe destacar os seguintes: Premio Nacional de Tradución (1990), Premio Galicia de Xornalismo (1986), Premio Nacional de Periodismo Julio Camba (1992), Medalla Castelao (1994) e membro numerario da Real Academia Galega dende 1996.



**A situación actual da nosa lingua non é a mellor: moi influída polo castelán, infectada de termos desta lingua...; ¿pensa vostede que o idioma galego vai por bo viero cara á normalización lingüística?**

Non coñezo ningunha lingua da que se poida dicir que non ten problema ningún. Da mesma maneira que non coñezo ninguén do que se poida dicir que non teña algún problemíña médico, porque aínda os máis sans acaban morrendo, que aquí non queda ninguén. As linguas son creacións humanas e, coma os homes, nacen, medran, reproducí-



cense e morren. Iso si, duran máis ca nós: o galego ten mil anos e Álvaro Cunqueiro deixounos a encarga de que o fagamos vivir outros mil máis. Os idiomas multimillonarios en falantes conlevan problemas de dispersión: o inglés de América ten diferenzas importantes co de Australia e co do Reino Unido. Palabras tan simples coma *pan*, *madre*, *maleta* ou *coger* son impronunciabes en Sudamérica porque son malsoantes. Mafalda en Argentina dille a Manolito *Vós sós un cretino* mentres que aquí lle diría *Tú eres tonto*. A pesar da globalización, os pronomes e os verbos varían de España a Argentina. E por esa razón as Academias e as cadeas de TV esfórzanse en unificar pero as películas españolas dóbranse ó español de América para que a xente non encontre palabras ou expresións que poden alterar completamente a mensaxe.

O galego, que non foi invasor nin exterminador de linguas, mantense dentro dos seus límites naturais e non ten estes problemas. Ten outros. Porén, é unha lingua que comprende e sabe falar o 90% da

poboación. Os problemas do galego están maiormente na mocidade urbana pero non na cabeza senón no corazón.

**¿Cal é a situación do galego no ámbito da xuventude? ¿Pensa que lle damos a importancia que realmente ten esta lingua ou polo contrario cre que somos demasiado indiferentes con ela?**

Coido que moitos, si, dádeslle importancia á lingua: estas páxinas son a proba evidente. Outros aínda non descubriron que só os pobres, os pobos pobres, os que aceptan seguir sendo pobres toda a vida son os que se avergoñan das súas cousas. Ter vergoña das propias cousas é a mellor condición para que outros se aproveiten de nós, das nosas riquezas. Os pobos ricos teñen orgullo das súas cousas, das súas tradicións, da súa lingua, e ese orgullo, esa autoestima, é un carburante que lles permite emprender proxectos audaces e triunfar. No tempo dos tsares en Rusia a xente fina de Moscova falaba francés e tiña a menos falar ruso (vese na novela *Doutor Zivago*) pero Rusia despegou economicamente cando asumiron sen vergoña a lingua rusa para a literatura, para a investigación, para todo: e cando os ilustrados se aliaron afectivamente co pobo común, Rusia converteuse nunha gran potencia e foron os primeiros en moitas artes.

Hoxe o galego corre pola rede, a TVG e a Radio Galega chegan en galego a todo o mundo, faise

en galego alta investigación, documentación notarial e xudicial, publícanse máis de mil libros por ano...; algúns dos nosos escritores, como Agustín Fernández Paz ou Alfredo Conde, triunfan en certames internacionais competindo en galego con escritores de linguas estatais; a empresa R triunfa no mundo das comunicacións por cable facendo todo en galego; Martín Códax e Terras Gauda son viños cotizados entre os mellores do mundo e van a tódalas partes etiquetados en galego; ademais o galego non tardará



en ser lingua da Unión Europea. En fin, quen hoxe ten a menos fala-lo galego está un pouco fóra de xogo.


## ¿Por que cre vostede que foi escollido para formar parte da Real Academia Galega?

Nunca entenderei por que me elixiron. Iso si, procuro corresponder facendo o mellor que sei todo o traballo que me encomendan.

## Nos seus escritos dálle moita relevancia á fraseoloxía galega, mesmo o seu discurso de acceso á Real Academia Galega titulouno "Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre". ¿Por que esa importancia?

Nos países nórdicos cústalles moito entender que *llevar una vida de perros* signifique "vivir pobre e maltratado" en castelán, porque eles coidan moito os animais. Os pobos semitas, que vivían no deserto abrasados polo sol, cando lles aparecía unha nube pensaban que era Deus que os viña visitar e protexer e por iso se di na Biblia *vivir á sombra do Altísimo*; por esa razón no Novo Testamento resólvese a desaparición definitiva de Xesús resucitado subindo ó ceo e envolvéndoo unha nube, forma de dicir simbolicamente que fora para onda Deus Pai. Detrás destas expresións de tódolos días hai unha maneira de pensar e de ve-lo mundo. Mentres os casteláns designan un toleirán dicindo que *está mal de la azotea*, nós dicimos que *anda mal do tellado*, porque, como aquí chove insistentemente, as casas non poden ter azotea, porque meterían auga, teñen que ter tellado: a parte alta da casa é metáfora da parte alta do corpo humano. E, mentres eles din para manifestar despreocupación *¡Salga el sol por donde quiera!* nós dicimos *¡Por min, que chova!* porque o de tódolos días (ó que estamos afeitos)

alí é o sol e aquí é (ou era) a choiva. Nos ditos está o noso clima, a feitura das nosas casas. E mentres nós a facer un gran negocio lle chamamos *face-la América*, os portugueses chámanlle *fazer uma Africa*, porque eles as grandes fortunas fixéronas en Guinea, Angola, Mozambique etc.: é dicir, nos ditos está a nosa historia. E se para expresar *persoa delicada*, un di *é peixe de cocer en branco*, e outro di *é un púsame a xeito* ou *un perexil*, sabemos que o primeiro que falou é mariñeiro e o segundo vén de terra adentro. Os ditos, ou sexa, a fraseolo-



xía, son a graza da fala, o espectáculo. Constitúen xoias que os vosos avós e avoas conservan e vós debedes escoitar, anotar e reutilizar cando escribades e faledes, porque son un tesouro, este si, en perigo.

**Actualmente vostede traballa no centro de investigación Ramón Piñeiro, ¿cal é o seu labor exactamente?**

Pois eu dedícome a recoller todo isto e espero non morrer sen poñelo todo na Rede a disposición de todos para que volva a circular. Dunha vez un veterinario díxome unha graciosa forma de despedida que oíra en Caldas: *Se non nos vemos, que sexa por culpa de FENOSA!* E un refrán de Caldas, aparentemente matemático, é este: *Tres son dous, dous son un e un non é ningún* (ou *é un porco*); dicíano antes os pais, cando había moita mortalidade infantil: ter un fillo único é arriscarse a quedar sen fillo ningún.

**Na súa traxectoria profesional acadou algúns premios como a Medalla Castelao, premio Nacional de Tradución... ¿aínda cre que lle falta por acadar algún reto?**

Creo, si. Fáltame conseguir cada día un mozo e unha moza que digan *De hoxe en diante falarei sempre o galego*. Se o consigo hoxe con esta entrevista, igual conseguímo-las mil primaveras máis para a lingua galega. Se hai algún ou algunha que se decida, ***ibenvido, amigo!***  
***ibenvida, amiga!***


**Lucía Búa Devesa**  
**2º A**



**XESÚS FERRO RUIBAL**

## A NOSA LINGUA, A NOSA IDENTIDADE

Nós non lle temos aprecio de verdade á nosa lingua: avergonzámonos dela. Por que empregamos unha lingua estranxeira tendo unha propia, que chamamos galego, o idioma da Galiza?




Na antigüidade o galego era unha lingua moi importante e a única utilizada polo pobo e nobreza galegos; porén, unha serie de circunstancias políticas feriron gravemente o idioma galego. Agora este está nunha situación precaria porque nós, o pobo galego, non utilizamos a nosa lingua. Pensamos que falar galego é unha vergonza e que imos descender de nivel social por facelo; cremos que expresarnos en galego resulta vulgar e utilizar o castelán parécenos máis culto. En cada lugar, en cada país, debería falarse a lingua propia e non utiliza-la do veciño para comunicarse entre si, como facemos nós. Existen casos nos que persoas que sempre falan galego, cando se dirixen a outra descoñecida ou coa que teñen pouco trato, o fan en castelán; ou mesmo, cando son entrevistadas por algún medio de comunicación ou realizan actividades totalmente cotiás -como ir ao banco-, exprésanse en castelán pois isto fainas sentirse máis cultas.

En moitas escolas, institutos e facultades o profesorado explica a materia en castelán, comportamento que favorece a conversión en castelanfalantes de moita xente que, aínda que foi educada na casa en galego, ao lle inculcaren o castelán, comeza a falar sempre nesta lingua e, ás veces, termina por pensar en castelán. Este feito tamén favorece que o pobo crea que o castelán

é máis culto có galego porque, ao apredérenllo na escola, relaciona a cultura coa lingua castelá. É por este fenómeno de non usarmos galego nas escolas polo que o emprego do noso idioma se está a perder, sobre todo entre a poboación nova, a mocidade da que formamos parte.

Non debemos deixar de utiliza-la nosa lingua, falada polos nosos antepasados, e temos a obriga de defendela ante tódalas demais e de considerala a máis importante entre nós. O noso idioma non sobrevive só, somos nós, os galegos e as galegas, os/as que debemos empregala en tódolos ámbitos da nosa vida para que non morra, porque o galego está en perigo de extinción. Constitúe a nosa obriga facermos desaparece-lo tópico de que o galego non é unha lingua culta e contribuímos á súa normalización en vez de nos preocuparmos por que non nos entendan as persoas que proceden de fóra da Galiza. O verdadeiro idioma do noso pobo é o galego e debemos usalo sempre pois isto convértese na mellor táctica que podemos empregar para defende-la desaparición da nosa lingua.

O galego é unha fala moi fermosa e, sobre todo, o mellor representante da nosa cultura, da nosa forma de expresarnos, da no-



sa etnia, do noso pobo, da nosa terra. Por iso non podemos deixar que nola arrebaten. Sería un feito inmoral que esta mocidade, nós, as mozas e mozos da Galiza, deixásemos pasar unha oportunidade histórica como a que se nos presenta. Podemos evita-la morte do galego aprendéndolles aos nosos pais e nais, profesores e profesoras, que ese costume de nos ocultaren o noso, e tamén seu, idioma ten de rematar, precisamente nun momento histórico no que por fin existen leis fundamentais que nos permiten desenvolvernos como un pobo de seres humanos.

Convertamos en realidade este soño. Utilicemos a nosa lingua e fagamos todo o posible para defende-la mellor herdanza que nos puideron deixar. Se non o facemos, deixaremos desaparece-la nosa identidade. Na casa e na rúa, falemos galego.

### Manifesto a prol do idioma galego

María Santos, Elvira Esperón e Jessica Couselo. 3º ESO

---

O galego está a desaparecer.

O galego está a des.

O galego está.

O galego e.

O galego.

O gal.

O.



## **GALICIA, TERRA DO MAR**

*Galicia, terra do mar  
tan bonita, tan fermosa  
todos a van admirar.*

*Galicia, de lado do mar  
miña terra, meu lar  
todos a queren visitar.*

*Galicia, paisaxe do mar,  
todos a admiran  
todos a visitan  
e sempre bonita ha quedar.*

**Manuel Bouzón Baldomero. 3º E.S.O.**



O día amenceu claro,  
 moi silencioso ao meu parecer;  
 saín preparado para a proba;  
 era difícil pero probei,  
 saíume ben ou iso cría.

O día escureceu,  
 parecía imposible  
 despois da calor pasada,  
 pero así veu o mal presaxio.


Un puñal de xeo cortante  
 chantouse no meu costado;  
 percorreume as entrañas  
 ata acadar o meu órgano máis prezado.

Eu pensaba que o tiña de metal;  
 pero era unha chapa enferruxada.  
 Escachou rápido con ela e fundiuse no meu interior.  
 Amargouno todo,  
 estendeuse guiándose polas veas.  
 Rapidamente, cegoume e quixen quitalo,  
 pero xa me tiña intoxicado.

O mal xa me atacara máis veces  
 e parecíame estar inmunizado.  
 Pero este era peor,  
 xa que un pequeno demo o empurraba ao meu interior.

Negros os ollos se me puxeron  
 e nun monstro me convertín,  
 ferveume o sangue ata que quedei rendido  
 tras días incontables de pelexa comigo mesmo.

San non aínda,  
 pero grazas á axuda  
 de certas belas raíñas,  
 levanteime do leito  
 a voltar a camiñar.




Receitáronme cousa boa  
e estoulle facendo caso,  
aínda que tamén me dixeron  
que o "veleno" nin tocalo.

Pois aquel case me escachou a cabeza,  
agora inda só con cheirallo  
sería capaz de contaxiarmo  
e levarme ao meu cuarto  
de volta enfermado.

Xa non teño a tentación,  
só con velo afastado  
dáme un golpe o corazón,  
e vomito todo o que algunha vez entrou.  
Noxo me dá miralo  
pois é "veleno" do malo.  
Antes por el moito pagaría  
pero agora nin de regalo  
bebería del como no pasado.  
Aínda que si que o utilizaría  
para algúns dos meus traballos.

Aconsello que todo na vida hai que probar  
pero algunhas veces véndoas  
saen moito máis baratas  
que téndoas.

Pero tamén sei que isto é unha gran perdición  
e un consello difícil de cumprir,  
xa que ninguén nos debe de impedir ter erros  
pois, se non é polos golpes,  
non aprenderíamos a xogar  
o xogo tan cruel como é o amor.



Álex Louro Esperón 1º A


1º premio VII concurso literario *Aquis Celenis*. Narrativa. E.S.O.

## Capítulo 1 Andoriña

Nun bosque moi remoto, ao lado do río Miño, no centro, vivía un poboado de animais. Entre eles os habitantes máis destacados eran as andoriñas, pois: ¿onde se vira unha andoriña nunha fraga? As andoriñas acostumaban aniñar nos beirís das casas, ou noutros sitios polo estilo.

A verdade é que isto pasaba porque a familia tiña que descansar, pois tivera moitas aventuras ó longo do ano. Todos os compoñentes da familia eran xa bastante maiores rondando xa polos trece anos, menos un. Este nacera unha vez que a familia estaba en Exipto. A nai puxera dezaseis fermosos ovos, pero unha noite nun despiste da nai un chacal comeu tódolos ovos menos un. A este chamáronlle Farruco. Á súa nai gustáballe a letra F por iso lles puxo a tódolos seus fillos nomes como Filipe, Federico, Fina, Félix, Fiúncho e o último púxolle Fin, pois non pensaba que fose ter máis.


Vivían nun carballo moi alto e frondoso. Os seus mellores amigos eran os



da familia dos esquíos, que vivían ó seu lado nun freixo moi groso.

Tódolos días a unha hora determinada, tódolos habitantes do bosque se reunían diante dunha gran rocha chamada "A Rocha de Breogán", pois, unha vez estaba Breogán (o pai da nosa terra, Galiza) vagando por alí, e, de tan cansado que estaba, sentouse a descansar na pedra. Por iso a pedra acadou ese nome.

Ben, ao que iamos. Tódolos días a familia das andoriñas pousaba sobre dita rocha, e, poñíanse a narrar as súas aventuras. Pero o mais estraño era que había unha aventura (pois ás veces ós animais gustáballes volver a escoitar algunha das aventuras moitas veces) que nunca remataban. Chamábana a "historia sen remate".



## Capítulo 2

### A historia sen remate

*Hai tempo no remate dunha das nosas aventuras sucedeuno-lo seguinte. Nun claro da fraga do Eume encontramos un trasno que se facía chamar Ramonciño. El tiña unha moza chamada Mariola que era bonitiña como o mencer dun día fermoso. A eles pasáralles unha cousa moi rara. Estaban os dous xunto a uns compañeiros cando unha forma escura pairou sobre os seus compañeiros e eles desapareceron. Espertáronse alí mesmo e estiveran vagando por todo o bosque, ata que apareceron eles. Axudáronos a buscar os seus amigos, e encontráronos nun buraco no chan pero no momento en que saíron, a mesma sombra que engulira os trasnos enguliuunos a eles. Espertáronse na aldea dos trasnos con panos na cabeza. Os trasnos descubriran que era a sombra senón o espírito dunha meiga. Pero entón...*

- ¿Que pasou, que pasou?

- Pois que... ihala! Esqueceume. Vou durmir, que xa é ben tarde.

Iso era o que pasaba sempre. Nunca remataba esa historia e, todos querían saber coma ramataba. Hasta lle imploraron, pero nada, non desistía. Ata que un día atoparon a maneira de que a rematase de contar. Íanlle a dicir que habían visto de lonxe unha sombra moura, moura, moura, e seguro que eles cando o oíran contábanlles como remataba a historia. E así fixeron, pero a familia non picou. Probaron de todo mais non picaban. Un día dixo unha das andoriñas:

- Vouvos contar como remata a historia, aínda que ... non acabou de todo.
- ¿Como que non acabou?
- Pois que non acabamos coa sombra.

### Capítulo 3 A revelación



-¿Como que non acabastes coa sombra?

- Pois como dixen; non puidemos derrotala; foi así:

*Cando apareceu de novo a sombra, o feiticeiro dos trasnos lanzou feitizos e ordes pero a sombra non retrocedía; entón a sombra que, como xa sabemos, era o espírito dunha meiga lanzounos un feitizo pero o feiticeiro dos trasnos cunha rapidez fóra do normal lanzou outro e aparecemos no noso niño.*

- ¿Como é posible?
- Como vos dicimos.
- ¿Entón non podería reclamar vinganza ?
- Non sabemos, pero cremos que si.

Ó día seguinte non pasou nada fóra do normal, pero, ós dous días ocorreu algo increíble: ¡ Farruco desaparecera ! Ó principio non se preocuparon demasiado pois adoitaba ir dar unha volta para estirar as ás, pero logo, á hora de almorzar, non apareceu e fórono buscar. Non o atoparon. Entón, ó lonxe viron unha sombra moura e parecíanlles que levaban nos brazos a Farruco. Daquela decidiron ir

moi rápido á aldea e pediron axuda para buscalo, pero non o encontraron ata que a familia dos esquíos atoparon unha cova preparada coma unha casa e o fondo escoitaron berros.



## Capítulo 4 Chega o auxilio

Farruco levaba xa na cova tres días cando escoitou unha voz que dicía:

- Non sairás de aquí nunca.

El preguntou:

- ¿Quen es?

- Son o espírito da meiga que viviu en Galiza haberá xa dous mil anos. Eu era unha das peores inimigas de Breogán, pero fracasei nun intento de matalo pois nese momento o seu fillo, It, volvía das costas de Eirín, Eire, Irlanda ou

como queiras chamala. El matoume.

- ¿Pero por que me raptaches a min?

- Porque es un dos fillos das andoriñas, en especial o máis pequeno, e quérenche.

- ¡Quero ir cos meus pais! - chorou Farruco - Eu non che fixen nada.

- Pero es o seu fillo. Tes que morrer xunto con eles, aínda que, so son oito, ¿verdade?

- ¡Aprende a contar! - dixo unha voz ás súas costas. Era a familia das andoriñas, a dos esquíos, a dos raposos ... e o pobo dos trasnos.

- ¡¿Como é que estades aquí?!

- Devólvenos a Farruco e poderás ir sen que te persigamos.

- Eu non vou soltalo e vós non me escaparedes.

Daquela o feiticeiro dos trasnos lanzou un feitizo que facía aparecer á Santa Compañía, pois iso pode ocasionar que leven o espírito. Non funcionou. A loita comezou.

## Capítulo 5

### ¿ A fin ?

A meiga comezou a lanzar maldicións a todos pero o feiticeiro dos trasnos era moito máis rápido e facía aparecer escudos máxicos. Nun momento a meiga fixo esta invocación:

*Polos deuses do Exipto:  
Amon-Ra, Isis, Osiris,  
Horus e Bet, invócote,  
temible monstro.*

Nese momento diante deles apareceu unha Esfinxe, un animal mitolóxico con cabeza de persoa e corpo de león, que os atacou, pero as familias dos raposos e dos lobos destrozaron o corpo do animal. Nun instante, xa desvanecida toda esperanza, o feiticeiro dos trasnos lanzou un feitizo mortal contra a meiga á vez que os animais se lanzaban contra ela. A meiga converteuse en humana polo feitizo e os animais matárona.

Despois diso foron á aldea e fixeron unha festa por todo o alto coas comidas típicas de Galiza: lacón con grelos, filloas, queimada con conxuro...

Os animais tivéronse que ir xusto cando terminou a festa.

As aventuras das andoriñas nunca han de rematar.

## ¡VÉMONOS!



Beltrán Álvarez Pérez 1º E.S.O. α



1º premio VII concurso literario *Aquis Celenis*. Poesía. E.S.O.

## NAS PENUMBRAS

Escuridade que na miña alma habitas  
 deixa que esta noite a luz do meu corazón,  
 ilumine as terras nas que eu vivo,  
 deixa que a paz anegue o meu remordemento,  
 deixa que lle dea paso á esperanza que de seguro hai,  
 deixa que os meus ollos volvan transmiti-la dor  
 que, hai xa tempo, gardan,  
 e que deles saian mares que consigo arrastren  
 toda a penumbra e todo o desasosego,  
 que me afoga e me rouba o pouco osíxeno que percibo,  
 e deixa que os meus pasos volvan facer camiños,  
 déixame volver se-la mesma;  
 a mesma que soñaba, a que ría, a que choraba,  
 déixame ser eu.  
 Non me robes a miña fala, non ma arrebrates,  
 porque é o único que non me abandona,  
 non... non ma quitarás...  
 por ela si loitarei sen medo,  
 por ela si buscarei o camiño,  
 o camiño da escuridade.



Mª Carmen Bacariza Rey 2º E.S.O.

1º premio VII concurso literario *Aquis Celenis*. Poesía. Bacharelato.

## O TEMPO

Uha realidade incrible é esa  
que nós temos por inalcanzable,  
esa que ás veces  
estamos a punto de conseguir  
e nos esvara das mans  
sen tan sequera nós notalo.  
Imposible de alcanzar;  
perséguelo, búscalo e encóntralo.  
Estaba preto da casa do veciño,  
pero cando o encontras  
non sabes xa o que buscabas.  
Non deixes escapar o teu soño  
e loita por chegar a conseguilo,  
que ás veces estás a punto de alcanzalo  
e réndeste ó chegar á meta.  
O tempo pasa e non se detén;  
nun minuto, nun segundo,  
pode escapar ese soño das túas mans.  
O tempo pasa e non te dás de conta,  
pero pasa e punto.



Rosa M<sup>a</sup> Gómez Rodríguez 2º C

## CANCIÓN DESESPERADA

Na fría escuridade que hoxe me envolve  
nesta solitaria noite de estrelas mortas  
xorde na miña alma unha profunda pena  
que evoca o canto do mar e estas letras.

A miña alma danada reprocha entre bágoas  
ao frío astro pálido que a escoita,  
por qué non encontran consolo os meus días,  
por qué todo no meu universo é angustia...

Cando el era meu e eu era súa  
eu ameino con paixón, desexo, con dozura,  
e coma o ocaso que nunca se alcanza  
hoxe abandóname nesta noite escura.

E alóngase sen compaixón do meu amor  
obstruíndo a miña ilusión, os meus soños  
e a outros brazos irá noutra aurora  
como se refuxiaba en min buscando os meus bicos.

Tan breve o seu amor resultou  
e tan longa a agonía do seu adeus,  
que esta pena que hoxe rouba a miña ledicia  
por sempre fará chorar o meu corazón



Noelia Rodríguez Busto. 1º F

## Opinión

Nos días tolos en que vivimos  
intentamos tapar a nosa melancolía.  
Disfrutamos, saltamos, rimos  
pero aínda que non o pareza, pensamos.

Xeracións anteriores non foron capaces  
de mesturar diversión e traballo.

Nos agora aínda que non o pareza,  
intentámolo.

Vivimos a vida ata o último segundo  
pero na nosa conciencia tamén se reflicte  
o futuro que queremos para a vila enteira.


Pero na nosa diversión  
non todo é rosa como aparenta  
todo o contrario ó que reflicte.

Todo é escuro e tenebroso,  
os sentimentos que se accionan  
poden ser os máis odiosos.  
Tristeza, dor, envexa e depresión,  
típicos do sábado e do botellón.

E todo isto nesta vila tan pequena.  
Nela todos nos coñecemos  
aínda que non nos falemos  
todos os días nos vemos.

Sempre temos algún problema cotián.  
En tódalas esquinas hai xente falando,  
aínda que non te entendan  
nin coñezan os teus problemas;  
emiten rumores ata debaixo das pedras.

Mírate e se ven algo raro  
ou se non coincides co mandado  
dá por seguro que te teñen crucificado.



Pois na pequena aldea  
non te ven polo que eras  
senón polo que desprendes.

Dependendo do teu hábito (HÁBITO=ROUPA)  
buscan no dicionario  
e asígnanche a palabra  
que máis te mata.


Se tes boa sorte en algo  
intentan afundirte na miseria  
para que ninguén vexa  
a gran persoa que eras.

Se ven que che queren  
ou só que tes algún don que te destaca,  
buscan todas as formas  
para que a xente te aparte.

Son peores que xuíces,  
teñen expedientes inventados,  
falan sen causa de coñecemento.  
Falan para facerche dano  
e simplemente falan  
porque se aburren.

Rumores sobre condicións sexuais,  
emparellamentos físicos e categorías  
son os máis utilizados hoxe en día.  
Intentan meterte en leas e afogarte na ría  
da escuridade, só porque non teñen todo o que queren.  
Como eles non son perfectos  
necesitan destruír a quen pode selo.

E eso doe, mata  
ata o punto de querer desaparecer  
da nosa boa terra encantada.



Fátima Búa e Álex Louro 1º A





Sabela González 1º F

## PROXECTO ALFABETOS

ALFABETOS, palabra máxica este curso. ALFABETOS como lema de exposicións, de actividades, de experiencias, de contactos. O proxecto comezou a desenvolverse ao abrir o curso académico. O primeiro labor de recompilación, ordenación de materiais e redacción tomou corpo nunha exposición titulada ALFABETOS (vaia, que orixinal!); nesta mostra abórdanse o tema dende varios puntos de vista: a historia dos alfabetos e da escritura, alfabetos e ximnasia, alfabetos e música, alfabetos e creación artística, alfabetos e bioloxía, alfabetos e química... A mostra foi exhibida durante o mes de marzo e abril.

Precisamente durante o mes de marzo visitáronnos os membros de Taller del Sol de Tarragona, Isabel Jover e César Reglero, directores dos talleres de Grafoloxía creativa e Introducción á Escritura China, e Baudhuin Simon, Pig Dada, de Habay La Neuve, Bélxica, quen desenvolveu a experiencia *Performances* na aula. Tod@s participaron logo no Primeiro Festival de Performances Aquis Celenis, o día 1 de abril. Unha despedida fenomenal da segunda avaliación.





Terceira entrega. Mes de abril, mes do libro: taller de edición experimental a cargo de Pepe Murciego e Diego Ortiz, membros do colectivo La Más Bella de Madrid. De tod@s recollemos a súa opinión a respecto de temas relacionados coa creación artística tan singular que practican a un lado e a outro do noso continente.

E, por último, dous detalles. O primeiro, a Segunda Mostra Internacional de Arte Correo (Mail Art, Art Postal) organizada dende este centro en colaboración co Laboratorio de Arte Correo e a Corporación Semiótica Galega. Unha exposición inaugurada o pasado día 21 de maio e que pretende ser unha chamada á diversidade cultural e creativa do mundo enteiro. Coa participación de 170 artistas colaboramos á difusión desta forma de intercambio postal creativo non suxeito ás regras do mercado, sen xuíces, sen censura, sen selección. A todos eles, dende aquí, grazas. O noso arquivo postal vai medrando arreo. O segundo detalle, a exposición Alfabeto Ilustrado, unha mostra creativa adicada á memoria de todos aqueles interesados na difusión didáctica do saber e inspirados polo lema do "instruír deleitando": Baldo Ramos, Óscar Villán, Anxo Pastor, Emérita Méndez, Chema Pazos, Dmitry Babenko...




## ENTREVISTA A CÉSAR REGLERO E ISABEL JOVER

Os cataláns César Reglero e Isabel Jover visitaron durante o mes de marzo este instituto para desenvolver actividades e *performances* co alumnado. O asunto organizouse baixo o lema **Alfabetos**. César e Isabel dirixiron un taller de grafoloxía creativa, que é unha maneira de chegar a coñecer a nosa psicoloxía a través de cadansúa escritura. Nas *performances* utilizan a arte máis heterodoxa para expresar a protesta social, ou sexa, a denuncia dos problemas da sociedade actual.

### Que é a mail art? (contesta César Reglero)

**A MAIL ART É COMUNICACIÓN, INTERCAMBIO POR AMOR Á ARTE, POTENCIAR A CREATIVIDADE, PENSAR QUE TODO O MUNDO É CREATIVO; NON DIÑEIRO, NON SELECCIÓN, NON XURADO, NON DEVOLUCIÓN. TRASPASAR FRONTEIRAS, NON FRONTEIRAS, SI INTERCULTURALIDADE, SOLIDARIEDADE, NON OLIMPO DOS DEUSES, SI XOGO, SI DIVERTIMENTO.**




**Hai algunhas persoas que desconfían da validez artística da mail art ao ignorarse criterios de selección.**

Este argumento emprégase moitísimo para combater a mail art, normalmente polo tipo de artistas exquisitos que consideran que gozan dun status diferente ao resto dos mortais, polo tanto gardan moito as distancias e preocúpanse pola proxección da súa obra. Estes detalles non lle interesan

ao/á artista postal. Dito doutro xeito, a inquietude da mail art está basicamente no feito comunicativo creacional (á marxe do artístico que sexa) e a pesar diso unha expo de mail art reúne moitos/as profesionais da arte e artistas; no meu propio Arquivo-Museo de Arte Postal aparecen, ao menos, un centenar de profesores/as de Belas Artes de facultades e escolas privadas, e xunto a eles/as pode haber un neno, un afeccionado ou unha persoa situada á marxe da arte. A mail art potencia a creatividade reivindicando un espazo lúdico e solidario, e para iso débese prescindir de criterios sobre o artístico e de calquera outra consideración que non sexa a intuición que guía a comunicación postal. A non selección e a non venda fomentan esta actitude de desinhibición creativa. Á parte disto, pode dicir que a súa calidade artística media é excelente. Convén engadir que as obras de mail art adoitan estar cheas de pequenos matices, de pequenos acenos conceptuais que potencian o seu nivel creativo de maneira notable.

**Un dos trazos caracterizadores da arte postal é o non copyright, en oposición unha vez máis á arte mercantil; moitos autores crean plasmando ou intervindo a obra creada por outros/as. Como se lexitima artisticamente esta reciclaxe ou en que consiste o apropiacionismo?**





A mail art naceu co intervencionismo. Recordemos que a súa paternidade, tal e como hoxe entendemos a arte postal, se lle atribúe a Ray Johnson a partir da intervención de varios artistas nunha obra proposta en principio por el, dentro dun circuíto establecido a través do correo postal. Así se cuestiona, polo de pronto, o carácter de unicidade da obra artística en autor e composición e dos seus mitos sagrados. Até tal punto estas características iniciais callaron e se asumiron como unha vía alternativa dentro da arte comercial, que tras medio século a arte postal segue viva e non só iso senón que ademais se lle considerou o movemento de arte máis masivo existente sobre o planeta. E poño o exemplo das tres exposicións que o Taller del Sol organizou xunto doutras organizacións: en cada unha delas participaron máis de 600 mail artistas. Unha delas era contra a guerra de Sarajevo, en 1993, (co Colectivo Music per la Pau) "Sarajevo ferida overta" ("Sarajevo ferida aberta"), en plena guerra. Máis de 600 autores de 40 países distintos reuniron un total de 1100 obras, e seguimos recibindo obras fóra de prazo. Organizamos outra en 1998 (AUMA) pola encarceración de Pinochet e a favor da liberdade de ensinanza nas artes, a favor da devolución da cátedra ao profesor chileno Humberto Nilo, sancionado por este goberno, repetíndose o fenómeno. Situémonos agora no ano 2000. Amnistía Internacional, Auma e o "Taller del Sol" convocan un proxecto



Isàbel Jover

postal e volve pasar o mesmo. É difícilísimo que suceda noutro movemento artístico, pero non é que estea de moda; hai cincuenta anos que está aí, o que transgrede unha serie de feitos. Un deles é o apropiacionismo, é dicir, tomar elementos dunha

obra para incorporala á nosa, que vulnera a mentalidade tradicional da orixinalidade. Pero non se debe entender como un plaxio senón como un acto de contribución solidario, de reciprocidade xenerosa e lúdica onde o importante é manter sempre vivo o espírito de creación.

### **Por que bautizaron o seu taller creativo como “Taller del Sol”?**

Porque estaba situado no Passatge del Sol de Tarragona e queriamos irradiar luz e calor.

### **E Boek861?**

861 é o apartado de correos BOEK porque durante un tempo usabamos os BOE que se tiraban ao lixo para facermos a publicación, imprimiamos sobre eles; era un xeito de transgredir a orde establecida. O “K” é por “Katalunya”.

### **Para que vale un taller de grafoloxía creativa? (responde Isabel Jover)**

Na experiencia de Caldas servía para ter unhas nocións de grafoloxía aplicadas á creatividade. Buscábase que o alumnado entendese algunhas cousas da súa propia escritura como elemento creativo e que aplicase a mesma lóxica para saber que é un medio de achegarse e comprender a creatividade dos demais. Non obstante a nosa experiencia foi moi concentrada e só se trataba de adquirir dunha maneira práctica unhas nocións de grafoloxía, de arte e de creatividade, e interconectar entre si os tres elementos.

Máis información en [www.boek861.com](http://www.boek861.com)

**Se o autor ou autora dunha obra só escribe e non fai debuxos, poderíase saber a personalidade que ten?**

A grafoloxía só emprega a escritura para estudar a personalidade do ser humano que escribe, mais se a isto se engade o debuxo, o estudo é moito máis enriquecedor.

**Hai algún outro método para saber como é unha persoa sen ser mediante a escritura ou os debuxos?**



Existen probas e tests para sabermos cómo é unha persoa, pero o método mellor e máis directo consiste en saber escoitar e saber poñerse no lugar da outra persoa. Cando nos afastamos de nós mesmos/as para poñernos no lugar dos demais, apréndese moito sobre a personalidade do interlocutor.

**Á parte do idioma chinés, utilizas outra lingua? Se é así, ¿cal?**

Direiche que eu falo castelán, catalán, francés, inglés e algúns outros idiomas enténdoo, e podo dicir

algunhas cousas neles. Se ao que te refires é se artisticamente traballo coa escritura, responderíche que ás veces si, e pode ser que coa escritura de calquera lingua das que coñezo; pero a escritura é a que, ao meu parecer, está máis unida de seu á arte.

**Son moitas as persoas que o utilizan para crear arte?**

Son, porque hai moitas persoas, sobre todo orientais, que, partindo do trazo que dá lugar á caligrafía chinesa, conseguen resultados paralelos absolutamente artísticos.

**É necesario que a pintura chinesa sempre vaia acompañada dalgunha escritura ou só a empregan para decorar e conseguir que non haxa soamente debuxos?**

É unha tradición para os chineses/as escribir sempre ao lado da pintura a modo de firma explicando ou engadindo algo sobre o autor ou sobre calquera cousa que teña que ver coa pintura. Unha complementa a outra.


**Cal foi a intención da performance DESINFORMACIÓN-INFORMACIÓN? (contesta César)**

Poñer de manifesto que a prensa e os medios de comunicación en xeral están manipulados por intereses publicitarios e económicos de todo tipo, e que só a forza da cidadanía como elemento activo e crítico é capaz de romper a inercia da manipulación para crear un espazo libre.

# Entrevista a Pepe Murciego e Diego Ortiz

*Pepe Murciego e Diego Ortiz son os fundadores da revista La Mas Bella (1993), editada en Madrid, unha publicación artística e literaria na que a imaxinación xoga un papel moi importante. Á parte de ser unha revista, La Mas Bella participa noutro tipo de actividades como "performances", exposicións, coordinación de festivais de arte experimental...Esta revista está editada sen ánimo de lucro e distribúese por canles alternativas. A última semana de abril trouxeron a Bellamatic, a máquina onde*

*puidestes mercar as obras do alumnado do noso instituto dentro de carátulas de vídeo ou DVD:*




**DIEGO ORTIZ**

*\*¿de onde xurdiu a idea?*

**A idea xurdiu cando estabamos estudando os últimos anos na universidade, hai uns doce ou trece anos. Dentro do mundo da arte ou da imaxe (fotografía, ilustración, deseño...) é moi difícil que as revistas se fixen en ti e logo te deixen publicar traballos persoais, artísticos... Así que decidimos nosoutros facer a nosa propia revista para publicar os nosos propios traballos dentro do mundo da arte, a fotografía ou a banda deseñada, e ademais publicar o traballo de moitos amigos/as e**

**compañeiros/as de facultade que estaban na mesma situación. Por iso tamén decidimos que as páxinas de La Mas Bella fosen colaboracións de moita xente: nós poñiamos a idea, o soporte (e o diñeiro), e os demais poñían os seus traballos artísticos ou literarios.**

## PEPE MURCIEGO



\*¿credes que a revista tivo unha boa aceptación?

**Coidamos que tivo unha boa aceptación. Todas as persoas que ven La Mas Bella opinan que é unha revista moi bonita e divertida, e iso é xusto o que buscamos. Non obstante o noso proxecto deliberadamente minoritario, ou polo menos non nos importa que non cheguemos a moita xente: coidamos que é máis fácil ter máis aceptación se as túas intencións son máis modestas dende o primeiro.**

\*¿en que vos inspirades á hora de facerdes os vosos proxectos?

**As ideas xorden por si soas. Adoitamos buscar formatos divertidos e**

**que non sexan comúns nas revistas convencionais. Tamén procuramos temas que resulten divertidos pero que teñan moitas lecturas, que sexan sutís fuxindo dos chistes fáciles e que permitan aos nosos colaboradores/as unha maior liberdade á hora de nos prepararen as súas colaboracións. O resto xorde por si mesmo; supoño que é froito do noso xeito de ver o mundo e o mundo da arte en particular.**

\*¿cal é a finalidade da revista?

**A finalidade de La Mas Bella é ela mesma, é facer unha revista diferente e divertida, ademais de interesante desde o punto de vista artístico ou conceptual. Non temos unha finalidade económica, non gañamos cartos facendo a revista pero si gañamos moitas satisfaccións cando conseguimos**



sacar un número novo e podemos ensinalo á xente. É o mesmo que facer unha peza artística, a que sexa: a primeira motivación é facela, porque si; todo o demais é sempre secundario.

\*dende a fundación da revista pasou moito tempo, ¿non tendes medo de que se vos esgoten as ideas?

**Pois non, non temos medo de que se nos esgoten as ideas. As ideas nunca se esgotan, só hai que buscalas. Ás veces hai ideas malas e ideas boas, pero é imposible non ter ideas; todo o mundo as ten, só hai que ter a vontade de levalas a cabo.**

\*¿que barreiras atopastes cando puxestes en marcha a revista?

**A verdade é que nunca atopamos moitas dificultades. Intentamos ser realistas: sabermos ata onde podemos chegar e o esforzo que vai requirir levarmos a cabo unha idea. En primeiro lugar para estares seguro de que podes facer o que tes na cabeza e, segundo, para que non te esgotes no intento e non deas rematado o teu proxecto. Evidentemente hai barreiras, como o diñeiro, e tamén o tempo; pero se es capaz de adaptarte ao diñeiro con que contas e te esforzas sacando tempo de calquera sitio, o demais só depende de ti, do teu propio esforzo. E estas cousas soamente se sacan se lles adicas moito esforzo persoal, aínda que teñas todo o diñeiro do mundo.**



\*todos sabemos que o novo ás veces asusta. ¿Pensades que co voso traballo sucedeu o mesmo?

**La Mas Bella** tampouco é unha idea tan innovadora. Cando empezamos a elaborala, fixémonos en moita xente que facía cousas parecidas, non só hai dez ou quince anos senón aínda máis tempo. Hai mucha xente en todas as partes facendo obras orixinais e moi innovadoras. Non nos preocupamos de que a xente se asuste do que facemos, porque o problema é dela, non noso. Nosoutros témonos que preocupar de facer o que cremos que debemos facer; e se ofrecemos algo novo ou chocante para o espectador/a, moito mellor, non ten por qué ser algo malo ou perigoso, ao contrario.

\*¿que credes que pode achegar este centro á revista e viceversa?


A nós gustaríanos achegar a idea de que hai moitos xeitos de facer revistas, que é igual ca dicir que hai moitas maneiras de comunicarse cos demais. E tamén a idea de que se poden facer cousas innovadoras cun pouco de imaxinación, así chamas máis a atención. E por último creo que un proxecto como o noso pode abrir moito a imaxinación para aqueles/as que teñan ideas na cabeza e que non saiban a forma ideal de levalas a cabo, de expresalas.

Pero, sobre todo, para nós é moi importante dármonos de conta de cómo nos ven os demais, qué pensan de nós e se ven nas nosas revistas o mesmo que nós vemos. Por iso é moi bo que poidamos ir ao centro contarvos a nosa experiencia e pedirvos a vosa opinión e colaboración, para seguirmos aprendendo maneiras de expresarmos ideas dándoas a coñecer do xeito máis orixinal e divertido posible.

Ben, con isto terminamos. Espero que sigades adiante con este traballo e deséxovos moita sorte en futuros proxectos.

**Andrea Blanco Brea**  
4º E.S.O.


Podedes atopar máis información sobre @s 22 compañeir@s que colaboraron en:  
[www.bellamatic.com](http://www.bellamatic.com)



# ENTREVISTA A SIMON BADHUIN PIG DADA. NOT MAD(E) BY COMPUTER.

<http://pigdada.frips.be>

A finais do pasado mes de marzo deste ano, o mail artista Pig Dada, Baudhuin Simon, nado en Habay la Neuve, Bélxica, chegou por segunda vez a Galiza para colaborar connosco nas actividades organizadas no noso centro educativo. A primeira, con ocasión da exposición internacional Marea Negra (que segue itinerando aínda por centros educativos do noso país); nesta, para participar no primeiro Festival de Performances que se celebrou en compañía de Taller del Sol (Isabel Jover e César Reglero), de Tarragona, o día 1 de abril. O seu compromiso social, ecolóxico, político e artístico convértese en acción, en performances, que tamén desenvolveu nas aulas. Poderíamos dicir que de Baudhuin se aproveita todo, coma do porco. Carmiña e Enara, coa axuda de Jonathan, fixéronlle esta entrevista a través, como non, do correo. Longa vida á arte correo. Viva a arte postal, arte cordial.



## Ti es artista correo. ¿Que quere dicir?


Na miña opinión mailartista ou artista correo significa:

- Comunicarse calmadamente, de xeito tranquilo e non estresado.
- Abrirse a outras mentalidades, a outras culturas, a outras estéticas, a outras xeracións, a outras prácticas, a outras maneiras de comunicar (hai vinte maneiras de facer mail art).
- Intercambiar e comunicarse por correo sen xurado, sen profesores, sen galeristas, sen seleccións, sen líderes, sen superestrelas, sen mínimo, sen máximo, sen escolas, sen críticos, sen xerarquía(s), sen Lois, sen expulsados, sen ídolos, sen institucións, sen burocracia...

## ¿Cales son os teus recordos da túa primeira participación nunha convocatoria de mail art? Foi en 1985 cando enviei a **Ryosuke Cohen**

(Xapón) unha creación de pequeno formato que logo el integrou nun **Brain Cell-Fractal**, é dicir, un *patchwork* ou ensamblaxe realizada por aproximadamente 50 participantes de calquera parte do mundo e impreso nunha edición aproximada de 70 exemplares. Cada participante recibe un exemplar


único, orixinal, a través do correo. Logo de 1985 participei regularmente a toda "Mail Art Call" que non tivese "Dead Line" data de remate, prazo de presentación. Ryosuke leva feitas ate o día de hoxe máis de 610



convocatorias "Brain Cell" e aínda continúa. Este xaponés estivo na miña casa hai dous anos para facer o meu autorretrato enteiro, de pés a cabeza, sobre unha ensamblaxe dos seus Brain Cells, e ficou tres días comigo. Os dous fixemos tamén un retrato de porco sobre Brain Cells. Os Brain Cells Fraktal teñen unha dimensión de 29,5 X 42 cm e están cheos de cores e de creacións que se entrelazan.

### ¿Dende cando colaboras na rede de Mail Art?

Sen parar dende 1985 e tomando esta "droga" case todos os días. Cando te enamoras tes sempre vinte anos.



### ¿De todas as convocatorias que recibiches de mail art, cales prefires?

As máis loucas, as máis sociais, as máis subversivas e revolucionarias, as máis ecolóxicas, as máis vulnerábeis, as máis audaces, as menos relixiosas, as máis soñadoras, as máis pacifistas, as máis poéticas, as máis incontroladas, as máis incontinentes, as menos brancas, as máis autónomas, as máis "libre albedrío", as menos dogma -pensamento único- verdade imposta-, as máis libertarias, as máis anarcoides, as máis iconoclastas.

### ¿Por que decidiches colaborar coa nosa causa "Marea Negra" hai dous anos?


Porque eu son ecoloxista, altermundialista, resistente ao capitalismo (que se foda o capitalismo), polo respecto dos dereitos dos animais, dos dereitos da Natureza. Porque a vosa causa non ten matrícula nin rexistro nacional, porque os porcos voadores non gustan das nubes lamacentas.

## ¿Que pretendes coa túa participación?

A colaboración nos vosos proxectos "Marea Negra" e "Alfabetos 05" significa a ocasión de superar os fermosos textos e as boas palabras (bla, bla, bla) para que estas se despracen a través da viaxe, da experiencia da viaxe, para que pasen a ser actos (contactos personais moi interesantes a pesar da fronteira das linguas, para realizar performances – happening – do it – humor – subversión – surrealismo..., facer e crer non só consumir. Probo, ensaio a utopía, a liberdade, contra os dereitos de autor (copyright), a igualdade, a paz. Experimento o que experimenta un *sans papier* (un indocumentado), aquel que dubida, que ten preguntas que facer. O Titanic está en nós.

## ¿Por que Pig?

Porque o ser humano non respecta o animal vivente; porque o ser humano non respecta o que é el mesmo, o que está dentro del. Porque o porco é moi rico en simbolismos; porque o ser humano non coñece ao animal (salvo dentro do seu prato). Porque os que se opuxeron á escravitude durante o século XIX son aqueles que deixan de comer carne ...



hoxe porque estaría ben que este século fose o da liberación animal. Porque, como dicía Jeremy Bentham (1748-1832). "A cuestión non é ¿Poden razoar?, nin ¿Poden falar?, pero si ¿poden sufrir?" Porque o porco me permite saldar as miñas contas con esta sociedade hipócrita, inxusta, violenta. Porque o ser humano forma parte do xénero animal igual có porco. Porque a filosofía dos dereitos dos



animais está ligada aos dereitos humanos; ela é pacífica, eoloxicamente sensible, socialmente progresista, dá pulo á apertura individual; é non egoísta, é unha filosofía da compaixón feita acto, é xusta e non discriminatoria, é científica e racional.

### **¿Por que Dada?**

Porque SEA SEX SUN, porque LET'S DANCE, porque Phantomas regresa, porque é necesario infrinxir a realidade, porque fai falla rir ao menos unha vez ao día, porque é unha exaculación creativa. Porque os peixes son de calidade. Porque a máis simple expresión da arte é o amor.

### **¿Por que consideras o porco como centro das túas preocupacións?**

Porque o ser humano está nel e ao mesmo tempo o porco está no ser humano. Porque é moi desgraciado por asumir a desgraza. Porque o matrimonio impide o amor e non é máis ca unha presión xurídica, estatal, relixiosa. Porque cada un para si = inferno para todos.

### ¿Que é unha performance?

É un pouco de teatro libre, curto. Unha expresión corporal libre. Nada ten que ver coas performances dos atletas, dos campións deportivos. Ao meu parecer as performances desenvolvéronse arredor de 1968 en Europa e nos Estados Unidos de América e despois por todo o mundo, e o Mail Art Network (a rede de arte correo) utiliza moito esta forma de expresión sen censura. Eu son un adicto ás performances; téñoas feitas nunha ducia de países.



### ¿Cal foi o sentido que quixeches dar ás performances que desenvolviches no noso Festival de Poesía en Acción (Proxecto Alfabetos)?

O nome da miña performance foi "Social-Pig Dada-Alfabetos): un sentido político, no senso máis nobre da palabra. Anti, anti con, anti confort, anti conformismo.

### ¿E os teus futuros proxectos?

Tomar a miña sopa, rañarme logo e facer mail art; cortar a leña para a calefacción e pensar no meu amor perdido.

**Carmiña Bacariza, Enara Fernández e Jonathan Pereira. 4º E.S.O.**

# GRAFFITI

O termo "graffiti" é de procedencia italiana, acruñado polos romanos, que xa ensuciaban as paredes e sitios públicos coas súas profecías e protestas. Pero as súas orixes remóntanse a civilizacións como a dos antigos exipcios, que usaban xeroglifos, e incluso os homes das cavernas coas súas pinturas rupestres; utilizaban as paredes de tumbas, vivendas e edificios en xeral para satisfaceren un dos máis ancestrais instintos do ser humano: o de comunicarse.

A finais da década dos 60 os concienciados activistas políticos e os non tan concienciados membros das "gangs" (bandas), fan seu este primitivo método de comunicación. Os primeiros, para faceren públicas as súas protestas e para marcaren o territorio. Pouco tempo despois, na cidade norteamericana de Filadelfia, o "bombing" senta os primeiros antecedentes do graffiti tal como hoxe o coñecemos. Estes primeiros artistas, impulsados polo nobre propósito de chamar a atención da prensa e da comunidade, dedicábanse a bombardear (velaí "bombing") as paredes da cidade co seu nome ou alcume.



## O "tag" no cumio

Entre mediados e finais dos 70 prodúcese o cumio no que a innovación estilística se refire cando esta técnica do "tag" ou "tagging", que consistía na firma do/a artista con forma de garabato, evoluciona a letras máis estilizadas e grandes. Empezan a utilizarse para expresar ideas ou facer declaracións, dando lugar ás "bubble letters", letras redondeadas con recheo e filete. Esta técnica, á súa vez impulsada polo afán competitivo dos "writers" (debuxantes) e o seu desexo de gañar maior popularidade e respecto, acada unha complexidade estilística tal, que as letras comezan incluso a ser difíciles de entender, culminando así na forma máis notable do graffiti do Bronx hoxe en día, ou "wildstyle" (estilo salvaxe).






O "crack" que non vén só

Aínda que custe crelo, son tempos duros para calquera das expresións da "street-culture" (a cultura da rúa). Aparece un novo personaxe na película, e ademais está no bando dos "malos", o "crack", que se fai dono da Gran Mazá, e cunha nova volta de caravilla do guión,

non vén só. Acompáñano as armas de fogo que aparecen ata debaixo das pedras, e inda enrarece máis o aire que se respira nas rúas. Por se non houbose elementos dabondo conspirando contra a comunidade do graffiti, promúlganse leis restrinxindo a venda de pintura á mocidade, obrígase a quen venda pintura a que teña gardados os sprays baixo chave e tamén se endurecen as



penas contra os/as *writers*. A consecuencia máis inmediata desta longa suma de elementos disuasorios é a escaseza de "lenzos" para os artistas, o que os fai máis territoriais e agresivos, ata o punto de que presentárense nos vagóns do metro desarmado se converte nunha empresa só accesible para personaxes como Rambo.


### Dura supervivencia

Nesta metade de década hai un amago de tregua poñéndose en servizo refugallos de vagóns. Mais o que se adiviña como unha luz ao final do túnel finalmente queda nunha miraxe, e a persistente falta de pintura e a case nula seguridade nas cocheiras desembocan na proliferación de "tags" feitos con marcadores artisticamente moi pobres.

### A arté nómada

Empezan as xiras de *writers* americanos

por Europa, e as peregrinacións de *writers* europeos á meca do graffiti. E para despejar calquera retallo de nube sospeitosa de treboada, estas e estes esforzados artistas descubren as estradas, que, malia que non se moven, ven desfilar centos de coches cada día.




A guinda do pastel póñena as paredes e as canchas de deporte da cidade,


que proporcionan ao graffiti do Bronx a súa última expresión ata hoxe. As "pieces" conmemorativas, homenaxes multicores para recordar a xente que caeu pola violencia ou pola SIDA.

Para terminar, cómpre sinalarmos que o graffiti é unha arte temporal porque as pezas teñen unha vida limitada (o que tarda alguén en borrarlas ou en empezar a deteriorarse a pintura), e este carácter provisional é o que leva aos *writers* a perpetualo por medio de fotos e creación de revistas, tanto impresas coma on-line, sobre esta peculiar arte urbana.

Julián Alonso



Lois Gil



# TECENDO LIBERDADE

